

CELEBRACIÓN NO CEMITERIO
TOD@S @S DEFUNT@S
1 de novembro



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

PALABRAS DE BENVIDA

Monitor/a

Boas tardes (bos días) a todos. Benvidos sexamos este encontro. Reunímonos (aquí no cemiterio) neste día, para lembrar e rezar.

Antes de máis nada, dicir que a celebración que agora imos ter ten dúas partes, unha na que todos, en comunidade, lembramos e rezamos polas persoas que botamos de menos na vida. E outra na que cada quen, persoalmente ou en familia, diante do panteón, lembra e reza na memoria dos parentes, amigos ou veciños que repousan na paz do cemiterio (nestes panteóns).

Agora rezaremos xuntos por todos, e logo farémolo cada un polos seus.

Imos empezar cun canto que nos lembra o amar de toda a boa xente que nos fomos atopando na vida.

CANTO 🎵 **Unha xuntanza de amor**

SAÚDO DE QUEN PRESIDE A ORACIÓN

Reunímonos como parroquia para rezar e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Que o Deus da Vida, o Deus que en Cristo rachou as ataduras da morte sexa con todos vós.

Reunímonos na FE en Cristo Xesús, que ten vencidas as nosas cadeas, reunímonos na ESPERANZA de sabérmonos un pobo salvado, reunímonos no AMOR a todos os que un día peregrinaron na vida, reunímonos para pedirlle a Deus, que nos chama á salvación e á vida, que faga realidade nos nosos irmáns e irmás defuntos as promesas do seu Reino, onde esperamos reunirnos con eles na contemplación do rostro de amor de Deus.

Confiados acompañamos a nosa oración:

*Acolle Señor, estas vidas,
nos teus brazos abertos de Pai,
non as deixes perder no camiño,
dálle acougo e ledicia na paz,
non as deixes perder no camiño,
dálle acougo e ledicia na paz.*

2.- POLOS FALECIDOS AO LONGO DESTE ANO

Monitor/a

Iniciamos a nosa oración lembrando a aqueles irmáns e irmás nosos que faleceron ao longo deste ano. A memoria recente da súa vida e da súa morte deixa ferida, aínda aberta, no noso corazón.

breve silencio

ORACIÓN

Escoita na túa bondade, Señor, as nosas pregarías
agora que imploramos a túa misericordia
polos teus servos e servas que ao longo deste ano
voltaron á túa presenza.

Dígnate acollelos e levalos ao lugar da luz e da paz
para que teñan parte
na asemblea dos teus santos e escolleitos.
Por Cristo noso Señor. Amén.

Confiados acompañamos a nosa oración:

*Cando a morte, Señor, nos rodea,
entre bágoas e mostras de dor,
O QUE IMPORTA SEÑOR É A VIDA
CON CANTARES DE RESURRECCIÓN,
O QUE IMPORTA SEÑOR É A VIDA
CON CANTARES DE RESURRECCIÓN.*

3.- POLOS NOSOS PARENTES E BENFEITORES DEFUNTOS

Monitor/a

Imos lembrarnos agora de todos aqueles dos que
temos recibido o que temos e o que somos.

Son importantes na nosa vida porque nos
acompañaron no camiñar de cada día.

Lembramos así aos nosos parentes e benfeitores que
nos legaron o seu amor.

breve silencio

ORACIÓN

Autor da vida e Señor da morte,
lémbtrate dos nosos parentes e benfeitores que,
confiando en Ti, foron ao acougo eterno;
e xa que este mundo rematou para eles,
alégraos no teu reino,
onde non hai pranto, nin loito, nin dor,
senón paz e alegría eternas.
Por Cristo noso Señor. Amén

Confiados acompañamos a nosa oración:

*Non importa, Señor, que a morte
nos sacuda con forza e paixón
O QUE IMPORTA SEÑOR É A VIDA
CON CANTARES DE RESURRECCIÓN,
O QUE IMPORTA SEÑOR É A VIDA
CON CANTARES DE RESURRECCIÓN.*

4.- POLOS DEFUNTOS DA NOSA PARROQUIA

Monitor/a

Imos lembrarnos agora de todos aqueles que participaron con nós nesta parroquia de Moitos deles pérdense na memoria da noite dos tempos, pero, eles, coma nós, viviron, sufriron, e camiñaron construindo a nosa comunidade.

Son importantes no noso camiñar porque coas súas palabras e os seus feitos deron vida á nosa parroquia. Lembrámoslos porque as súas vidas valeron a pena e non foron de balde.

breve silencio

ORACIÓN

Pai Santo, acolle nos teus brazos abertos de Pai a todos os que participaron na fe, na esperanza e no amor nesta comunidade parroquial de

Que pola intercesión de San(ta) ...
gocen da sorte de todos os santos.

Por Cristo noso Señor. Amén

Confiados acompañamos a nosa oración:

*Anque o loito semente tristura,
anque a morte nos traia o seu son
O QUE IMPORTA SEÑOR É A VIDA
CON CANTARES DE RESURRECCIÓN,
O QUE IMPORTA SEÑOR É A VIDA
CON CANTARES DE RESURRECCIÓN.*

5.- POR TODOS OS DEFUNTOS

Monitor/a

Imos lembrarnos agora de todos os que xa pecharon os seus ollos á luz deste mundo, para que Deus, Pai de misericordia, os acolla no seu Reino de Vida.

Temos uns recordos especiais:
para as mulleres que foron vítimas da violencia de xénero, para os refuxiados que non deron chegado a destino, para cantos morreron en guerras e atentados, para cantos morreron de fame e na miseria, para cantos morreron en accidentes, para cantos morreron sos e sen ninguén á beira, para cantos morreron nos incendios, para cantos morreron en Palestina e Israel.

Lembramos así, finalmente, a todos os defuntos.

breve silencio

ORACIÓN

Pai Santo,
sempre disposto á misericordia e ao perdón,
escoita as nosas súplicas polos teus fillos e fillas
que deixaron este mundo
e condúceos agora ao teu Reino de Amor e Paz.

Por Cristo noso Señor. Amén

Confiados acompañamos a nosa oración:

*Anque as bágoas discorran lixeiras
enchoupando a nosa oración
O QUE IMPORTA SEÑOR É A VIDA
CON CANTARES DE RESURRECCIÓN, ...*

6.- LADAIÑAS

Unidos nunha mesma oración, invoquemos aos Santos, que na gloria gozan da comunión celestial, para que acollan aos nosos irmáns no gozo eterno. Pedimos a Cristo, o Divino Salvador Resucitado que nos escoite, e pedimos aos Santos que intercedan por eles dicindo
ROGA POR ELES

Santa María roga por eles	San Xoán Bautista
San Pedro	San Antón
San Telmo	San Bieito
San Xosé	Santa Marta
San Martiño	Santa Lucía
San Miguel	San Brais
San Lourenzo	San Caetán
San Vicente	Santa Ana
San Adrián	San Xoaquín
San Paio	San Amaro

Xuntos rezamos agora a oración confiada que Cristo nos ensinou, confiando as nosas vidas, con todas estas lembranzas, aos brazos abertos e agarimosos de Deus Pai.

NOSO PAI

7.- ORACIÓN FINAL

ORACIÓN FINAL

Señor Xesucristo
que ao descansar tres días no sepulcro
santificaches a tumba dos que creen en ti,
de tal xeito que a sepultura
non só servira para enterrar o corpo,
senón tamén para facer medrar
a nosa esperanza na resurrección,
concédelle aos nosos irmáns e irmás defuntos
ter parte xa na **RESURRECCIÓN E NA VIDA**
contemplando o teu rostro glorioso
por sempre eternamente. **Amén.**

Rematada esta primeira parte da oración convidámos agora a que a continuemos coas nosas lembranzas persoais ante os panteóns das persoas que botamos de menos.

Dálles † Señor o descanso eterno.

Brille sobre eles a luz eterna.

*Descansen en paz. **Amén***

*Eles, que pasaron por este cemiterio, e todos os fieis defuntos que botamos de menos, descansen en paz. **Amén***

*E que o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve á vida eterna. **Amén***